

CRONICA do PARTIDO

→ **EQUIPO:** SEGUROS SUEIRO ARTAI E.B.X

→ **CATEGORÍA:** JUNIOR FEMENINO

7DATA	HORA	PAVILLON - POBOACION	XORNADA	COMPETICION
08.03.2020	12:00H	VILA DE NOIA-CARBALLO	6°	2° FASE

• **MARCADOR:**

SEGUROS SUEIRO ARTAI E.B.X.					SANTO DOMINGO DE				
1ºQ	2ºQ	3ºQ	4ºQ	FINAL	1ºQ	2ºQ	3ºQ	4ºQ	FINAL
8	19	15	21	63	5	18	9	9	41

• **ADESTRADOR:** HÉCTOR AÑÓN

• **ANOTADORES**

CLARA (21); CARLA (-), ELENA (9), LARA (2), EMMA (15), UXIA (7), ALBA(3), OLIVIA (0), ANDREA (2), SARA (2), IRIA (2) .

• **ANÁLISIS DO PARTIDO:**

Primeiro partido da segunda volta da fase de ascenso xogado na mañá do sábado no pavillón de Zona Escolar de Carballo. Tivo que pasar toda una volta para que as carballesas sumasen o seu segundo triunfo a costa, novamente, do Santo Domingo de Betanzos, equipo o que xa venceron esta temporada en catro ocasións .As xogadoras de Héctor venceron o seu rival por máis de vinte puntos de diferenza pero un resultado moi enganoso pois as xogadoras do seu rival, de Diego, estiveron en partido hasta o cuarto final pero nos minutos decisivos o cansancio (so eran sete xogadoras) e o acerto das locais (21 puntos anotados, a máxima anotación nun cuarto das locais) decantaron o partido para as carballesas. E empezaron fríos ambos equipos (8 a 5 tras dez minutos de partido). As locais non eran capaces de coller o ritmo do partido e xa dende o primeiro cuarto tiveron problemas de faltas (16 a 6 o final da primeira parte e en bonus boa parte de todos os cuartos). Tan espeso estaba o primeiro cuarto que por lóxica o segundo non podía seguir así; desatáronse ambos equipos e tras un forte comezo das locais, contestación das de Diego para deixar o marcador axustado (27 a 23).

Arrancaron moi imprecisos ámbolos equipos tras o descanso pero nas locais os puntos comezaban a estar máis repartidos, ca aparición de Clara (os 21 puntos anotados na segunda parte). A diferenza xa rondaba os dez puntos e no cuarto final, cas visitantes moi fatigadas, deron a puntilla, sumando así a súa segunda vitoria de esta fase.